

ENTRE MAREAS 2.008

CPI LUÍS DÍAZ MORENO

3º - 4º ESO



**COMPLEXO INTERMAREAL UMIA-O GROVE, A LANZADA,
PUNTA CARREIRÓN, LAGOA BODEIRA E ILLA DE ONS**

ENTRE MAREAS 2.008

O día 27 de marzo de 2008 os alumnos/as de 3º ESO, e os de 4º ESO das materias optativas de Bioloxía-Xeoloxía e de Ciencias Medioambientais e da Saúde, fixemos unha excursión a un Espazo Natural Protexido (Complexo intermareal, Umia, O Grove A Lanzada) situado no sur da ría de Arousa en terreos dos concellos de O Grove, Sanxenxo.

Os valores máis importantes deste espazo residen na flora e fauna das marismas, dunas e cantis e especialmente na cantidade e variedade de aves acuáticas que utiliza os diferentes hábitas para vivir de xeito permanente ou durante os pasos migratorios, en especial no inverno.



Realizáronse actividades en terra, no mar e visitouse ao centro de interpretación da pesca e da salga.

ACTIVIDADES EN TERRA

Ruta didáctica na enseada do Espazo Natural Umia-O Grove, aquí percorremos o Espazo natural coñecendo os seus componentes físicos (paisaxe...) biolóxicos (fauna do intermareal, rochoso, dunas, algas, adaptacións a este medio ...) e ecolóxico (papel das dunas no equilibrio da praia).



As **plantas** que viven nas dunas presentan adaptacións específicas ás singulares características do entorno: cores claras, cubertas céreas e follas pequenas, estreitas ou peludas para reducir a acción do Sol e diminuír a perda de auga, talos flexibeis subterráneos ou rastreiros e tamaños reducidos para resistir o empuxe do vento.

Puidemos ver:

Arenaria (*Honckenia peploides*)

Leiteira das praias (*Euphorbia paralias*)



Paxariños amarelos (*Linaria polygalifolia*)



Cebola das gaviotas



Algoneira

Fixemos un pequeno **estudo dos animais e plantas dentro dos rochedos e areais** que quedaban ao descuberto ao estar a marea baixa, así había moitos mexilóns, apegóns, estrelas de mar, cangrexos, algas de distintas cores, liques.....



Tamén puidemos coñecer algunhas das **aves** que viven neste complexo, pois é un lugar de descanso de moitas aves acuáticas que crían no norte de Europa e logo, coa estación fría marchan cara África a pasar o inverno. Nestas viaxes van pasando pola costa, parando a comer e descansar en lugares coma este.

O Mazarico chiador (*Numenius phaeopus*)



gavita (*Haematopus ostralegus*)

capaz de abrir ostras e berberechos co peteiro.

A
que é



Píllara papuda (*Charadrius alexandrinus*)

pon os ovos nas dunas e areas, e diante dun estraño finxen estar feridos para
alonzalo do seu niño.



Culleireiro (*Platalea leucorodia*)



Garza real (*Ardea cinerea*)



Garzota (*Egretta garzetta*).
Na época nupcial amosa unha fermosa crista branca



Corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*)
é un animal moi primitivo que carece de graxa nas plumas, polo que ten que porse a secar



Alevanco real (*Anas platyrhynchos*)
é o pato máis común e pode verse todo o ano, pois cría nesta zona).



Parrulo cristado (*Aythya fuligula*)
mergúllase por completo para chegar ao alimento.



ACTIVIDADES NO MAR

Travesía marítima polo espazo natural do complexo intermareal Umia-O Grove, a bordo do catamarán “ Neptuno Sub”, embarcación adaptada para a visión submarina podendo ver a riqueza dos fondos mariños desa zona da Ría de Arousa, pasamos ao lado dunha batea para observar o cultivo de moluscos (mexilón, vieira e ostra).



O **cultivo do mexilón** en bateas é orixinario do Xapón e comezouse a utilizar na Ría de Arousa en 1946 e foise modificando progresivamente ata a actualidade, o emparrillado é de vigas de eucalito e os flotadores son grandes bidóns de ferro cubertos de poliéster. Hoxe en día hai 3.377 bateas de mexilón nas rías galegas.



En xeral o cultivo do mexilón lévase a cabo en 4 etapas:

- a) Obtención da semilla.
- b) Colocación da semilla nas cordas.
- c) Control do nº de exemplares.
- d) Engorde e colleita.

A semilla son pequenos mexilóns dun tamaño aproximado de 2 cm que proveñen das zonas rochosas expostas ao océano en illas próximas, istas colócanse a man con axuda de maquinaria especial ao longo das cordas de nylon. En cada corda pódense colocar de 14 a 15 Kg de semilla e cada 30-40 cm póñense unhas barras de plástico ou madeira de 20 cm para evitar que a semilla cando medre, se desprenda polo seu propio peso.



Cultivo de vieira e ostra.



VISITA AO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA PESCA E DA SALGA

Este museo sito nun edificio de comezos do século XIX, dedicado inicialmente á salga de peixe sobre todo de sardiña, hoxe amosa exposicións fotográficas e etnográficas, que achegan o visitante ao mundo da pesca e a salga no noso país a través do tempo.



